



## Entrevista a Fernando García Cadiñanos, bispo de Mondoñedo-Ferrol

---

Manuel Regal Ledo

Pasados xa máis de tres meses desde que o sacerdote burgalés Fernando García Cadiñanos foi ordenado bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol, quixemos coñecer como se está sentindo e situando entre nós, nesa diocese galega. Con absoluta dispoñibilidade compraceunos nos nosos desexos. Grazas.

*D. Fernando, leva vostede xa tres meses aquí, entre nós, na diocese de Mondoñedo-Ferrol. Como se encontra, que sensacións está tendo? Vaise sentindo a gusto entre nós, coa nosa maneira de ser, coa nosa fala, coa nosa xeografía, co noso clima incluso?*

Foi un tempo moi intenso o que estiven e estou vivindo; tratei de escoitar moito, de me facer presente en moitos ambientes, de coñecer esta terra e esta xente para querela máis e servila mellor. Atopeime con moitas realidades preciosas, con outras que falan de sufrimento e dor, moitas historias de compromiso e entrega, outras de esperanzas, anhelos e desexos. Síntome moi a gusto nesta terra, moi diferente á miña, pero chea de Deus e dunha Igrexa que quere ser significativa e esperanzadora. Deus enriqueceuna cunha beleza impresionante que nos fala desta casa común que temos que facer máis habitable e fogar para todo o mundo.

*Vostede estaba moi implicado por razóns do seu cargo na vida diocesana da diocese de Burgos. Que lle supuxo aceptar o distanciamento de todo aquilo e vir como bispo á diocese de Mondoñedo-Ferrol?*

Trátase dunha ruptura. Dalgunha maneira comparo a miña experiencia coa do transplante dunha planta dunha terra a outra: